# A muller escritora e as vangardas eixo do *Galeusca*

## Encontro de escritores galegos, bascos e cataláns

■ M. VEIGA

"A muller escritora" e "as vangardas e a identidade nacional" foron os temas que centraron en maior medida os *Encontros Galeusca*, celebrados os pasados 18 e 19 de Novembro, tendo como sede a sá circular do recentemente inaugurado Palácio de Congresos compostelán. Médio cento longo de escritores vascos, cataláns e nomeadamente galegos participaron moi activamente nestes debates, organizados baixo o patrocínio da Asociación de Escritores en Língua Galega. Entre as ponéncias presentadas destacou tamén a de Manuel Forcadela, "Ser poeta galego hoxe"

## Pilar Pallarés

### 'A literatura producida por mulleres na Galiza non se ten en conta'

A poeta coruñesa, Pilar Pallarés, foi a encarregada de dar lectura no Encontro á ponéncia, preparada colectivamente polo grupo de promotoras de *Festa da Palabra Silenciada*, e que levaba por título: "O poder e a escritora"

**A ponéncia que vostede leu foi quizá a que provocou un maior debate. Que pretendian expresar nela no fundamental?**

Analisamos o feito de que o poder é coxuntural, as formas de opresión cámbian co tempo, sen embargo o patriarcado é unha forma de opresión universal que se mantén sen cámbios através do tempo. O patriarcado fundaméntase nunha falácia naturalista, é dicer: a existéncia biolóxica da diferéncia fémia-macho trasládase ao social criando dous xéneros, pero non igualitários. Non existe unha razón biolóxica que explique a marxinación, senón unha toma do espácio socio-cultural polos homes.

Ás mulleres pretende mantérsenos na orde biolóxica en función de que somos as reprodutoras, pero ao servício dunha orde cultural masculina

**Que implicación cultural concreta ten esta discriminación?**

A palabra é o que delimita o real. E a palabra patriarcal ideou unha série de mecanismos para minimizar o acceso da muller a ela. Non a partir da proibición explícita, pero si através da educación e da imposibilidade da muller a ter independéncia económica, por exemplo, que é un requisito prévio.

**E no terreo da literatura?**

Aquí temos que dicer, en voz alta, algo calado: a literatura producida por mulleres na Galiza non se ten en conta. Un exemplo é o da própria *Festa da Palabra Silenciada*, revista escrita unicamente por mulleres, cunha continuidade xa no mercado e da que non se fala, non se inclue nos inventários de revistas literárias, non se menciona, coma se non pertencese ao mundo da literatura e si a unha espécie de sub-apartado feminino. E o que sucede coa revista sucede coas mulleres escritoras individualmente, sobretodo cando fan un tipo de literatura que pode ser subversivo ou que transgrede os papeis masculino e feminino. Tamén sucede que se nos recoñece en maior medida en apartados como o da literatura infantil ou outros semellantes.

**Cal é o papel dos seus compañeiros escritores varóns?**

Deles reclamamos que igual que defenden os direitos linguísticos e nacionais, defendan tamén, na práctica de cada dia, os direitos das mulleres a posuír e exercer o poder da palabra. □

## Edorta Jiménez

### 'Agora xa non se fala de vangardas, senón de éxito persoal'

O poeta euskaldun, Edorta Jimenez, foi un dos encarregados de tratar un dos temas sobre os que xirou o Encontro: "Identidade nacional e avangarda". A sua intervención, con tintes moi críticos, resultou de amplo interese.

**Vostede di na sua ponéncia, cunha gran ironia, que non hai vangardas porque xa non hai enemigo.**

De vangarda xa só se fala no mundo da moda. Estar á vangarda en Fráncia e mostrar unha teta. Os cociñeiros tamén falan de vangarda. No mundo da cultura é outra cousa. Hai un status literário. O escritor, mesmo internacionalmente, é simplesmente un cidadán que está só ante os espello, un espello de papel, e non se plantexa romper ese status, actuar como guerrilleiro, zapador, dinamiteiro, sinxelamente parece que se somete a unha lei de seleción natural, sendo a sua única intención a de triunfar. Agora non se fala de vangarda, senón de éxito persoal, de cartos, de contratos... Acéitase o estado de cousas e búscase ocupar unha posición sobranceira: Na literatura xa non hai guerra, só hai cánones. As fronteiras exteriores da literatura non se moven, xa que logo tráta-se de situarse do mellor modo posíbel dentro desas lindes.

Isto vale para a linguaxe —xa non se prima a experimentación, o novo—, vale para as editoriais —situarte nunha boa, non criar outra—, para a crítica —xa non se fala de criar unha alternativa, senón de promocionarse na existente—, vale para a distribución... En resumo, admítese o status.

**Pero é posibel hoxe a existéncia dunhas novas vangardas?**

Eu tiven moitas discusións cun amigo cartelista. Eu decía que quizá algunha vez haxa en París unha exposición retrospectiva sobre o cartelismo en Euskadi 1977-... e verase o valor do que naquel intre parecía un panfleto. Da mesma forma que hoxe, coa distáncia, vemos o valor dos carteis da República e o papel de vangarda que tiveron. Agora ben, el sempre me plantexa: vangarda que é? Avanzar técnicas para que a tua obra fique pendurada nun museo ou estar todos os dias na rua de maneira efímera. El cre que esta segunda é a vangarda.

Eu creo que hai unha vangarda que é, na nosa língua, asumir a sua situación global e poñerse á cabeza, nunha dialéctica moi difícil que é: busca do novo como ponto de mira e non esquecer nunca o vello. Por exemplo, un discurso de destrución total da sintaxe é posíbel en francés, porque ao francés só lle falta iso, polo estabelecido que está. Pero romper iso en euskera é dar un salto no valeiro e dar un salto sen que a produción teña madurado é suicida. Situarse entre eses dous extremos é a vangarda. O resumo seria respetar a autonomía da própria literatura e combater o anquilosamento. □

# A AELG solicitará a sua entrada no *Consello da Cultura*

A Asociación de Escritores en Língua Galega solicitará a sua entrada no *Consello da Cultura Gálega*, segundo indica nas conclusións elaboradas polos participantes no *Encontro Galeusca*. O mencionado *Consello* é criticado tamén nas mesmas conclusións polo seu papel actual de reunión de "notábeis", vedado aos "verdadeiros axentes da criación cultural" Vese tamén con preocupación o papel da docéncia e dos meios de comunicación polo seu insuficiente apoio ás línguas que non son a do Estado. Os vindeiros Encontros terán como motivo "O compromiso ideolóxico e a literatura nas nacións sen estado".

**CONCLUSIONS**

**1.** Os aparellos docentes e publicitários do estado español provocan que, cada vez máis, os cidadáns das chamadas comunidades *bilingues* sexan máis competentes na língua do estado e menos nas línguas chamadas *próprias*.

**2.** Lembrar aos meios de comunicación da Galiza, dos Países Cataláns e de Euskadi, a sua responsabilidade no espallamento e difusión das nosas literaturas e na criación da imaxe cultural dos nosos países

**3.** Denúncia contra todo poder, actuante na Galiza, que atente contra os intereses xerais do escritor a galegos, como é o caso do *Consello da Cultura Galega* e da *Real Academia Gallega* que non defenden os nosos intereses ao realizar unha política de guetto e de poder.

**4.** A AELG exercerá as necesárias accións públicas, entre elas mesmo as legais, para que a *Real Academia Gallega* cumpla os óbxetivos que demanda a nosa cultura nacional e deixe de ser unha institución que viva de costas á nosa realidade.

**5.** O *Consello da Cultura Galega* deberá ser, máis ca unha reunión de *notábeis*, un lugar de confluéncia dos verdadeiros axentes da criación cultural na Galiza, como é esta AELG, ademais de determinadas persoas de recoñecida actividade a prol da nosa cultura. A Asociación de Escritores en Língua Galega solicitará a sua entrada en dito *Consello*.

**6.** As institucións españolas, sobretodo as autonómicas, deben garantir a todos os cidadans, tamén aos escritores, o exercicio dos seus direitos expresamente os linguísticos: eliminen por tanto das condicións para concederen axudas económicas calesquer de tipo ideolóxico, opinión política, escola literária, estilo da escritura... A tal fin cumpran os requisitos de publicidade, tratamento igualitário e posibilidades de recurrir, establecidas na legalidade española vixente.

**7.** Esixirlle á Conselleria de Cultura da Xunta que dote **por fin** economicamente á AELG, para que poda cumplir a sua función e os seus compromisos, como os derivados das conclusións dos Encontros Galeusca.

**8.** Incluanse na programación da Literatura Galega no ensino non universitário referéncias á literatura portuguesa producidà nos diversos estados que usan esa língua como língua oficial.

**9.** O tema "A vangarda" parece superado porque todo indica que se esgotaron as surpresas sustanciais. O desmantelamento da linguaxe alfabética próprio da poesía concreta, visual, experimental, pódese interpretar, seguindo a Lacan, como un acto de desestabilización da orde simbólica do soberano e polo tanto un intento de criar a própria orde simbólica por parte do súbdito, neste caso poeta, co propósito de alcanzar unha identificación personal que sumada ao resto das demaís identidades personais daría como resultado unha abigarrada identidade nacional, fincada sempre na vontade diferenciadora diante do poder estatal.

**10.** Propoñemos que nos próximos Encontros Galeusca un dos temas centrais de debate sexa: "compromiso ideolóxico e literatura nas nacións sen estado".

**11.** Estes Encontros ven con inquedanza a conculcación dos direitos humanos dos-as presos-as políticos no Estado español entre eles o direito á leitura e á escritura nas nosas respeitivas línguas: catalán, euskera e galego. Consecuentemente decide facer chegar esta inquedanza á Direción Xeral de Institucións Penitenciárias esixindo que levante ese tipo de censura sobre estes presos. □